



**A UNIDADE MIXTA ANFACO-JEALSA SITÚA A PORTO DO MOLLE Á
VANGARDA DA INVESTIGACIÓN NA INDUSTRIA CONSERVEIRA**

**O polígono industrial acolleu hoxe a presentación deste proxecto na súa
sede de probas, situada no propio parque empresarial**

**A UMI pretende potenciar a competitividade industrial e modernizar a
produción acuícola do mexillón**

Nigrán, 22/02/16.- O Parque industrial e empresarial Porto do Molle sitúase á vangarda da investigación na industria conserveira coa posta en marcha da Unidade Mixta de Investigación (UMI), promovida entre a patronal dos conserveiros Anfaco e o grupo Jealsa-Rianxeira, na nave 7A do polígono.

O alcalde de Nigrán, Juan González, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, entre outras autoridades, asistiron esta mañá á presentación da UMI na súa sede de probas piloto, na que se puxeron de manifesto as principais liñas de investigación desta unidade: unha relacionada co concepto "fábrica do futuro", que se traduce na innovación nos procesos produtivos do mexillón, e outra que traballará na modernización da produción acuícola do mexillón en batea.

"A instalación da UMI Anfaco-Jealsa no Porto do Molle vén consolidar o tecido de empresas presentes no parque empresarial que apostan pola innovación e a investigación como pilares fundamentais para competir nun mercado cada vez máis globalizado", declara o rexedor.

Esta unidade permitiu xerar 22 postos de traballo con persoal altamente cualificado, 15 investigadores en Anfaco-Cecopesca e 7 en Jealsa e Ecurís, entre expertos e directivos. A de Porto do Molle é unha das catro sedes coas que conta a Unidade Mixta e constitúe unha das 19 UMI presentes en Galicia.



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

A do parque empresarial centrará o seu labor na aplicación de tecnoloxías emerxentes para reducir o impacto ambiental, mellorar a eficiencia do proceso e impulsar a innovación en aspectos relacionados coa calidade e seguridade alimentaria, a sostenibilidade ambiental e a trazabilidade, ademais de apostar pola innovación no cultivo de mexillón e a investigación sobre biotoxinas marinas.